

De conversa co popular Pechecho

Benigno Iglesias González



Cantas veces teño conversado con Pechecho! Temos charlado de novos, de non tan novos e agora, que xa andamos cunha chea de anos enriba. Levamos falado do divino e do humano, de andanzas e de visións, de broma e en serio. Por iso, esta conversa, que existiu real e formalmente, introduce necesariamente elementos tomados doutras xa pasadas.

Se alguén chega a Lérez e pregunta por Pechecho, calquera veciño lle dá razón del, aínda que non saiba que o seu nome é Raimundo Piñeiro Tobío. Este home de 84 anos de idade, a pesar de nacer e vivir unha longa etapa da súa vida na Santiña (lugar da parroquia de Santiago Peregrino do Burgo e antes da de Santa María de Pontevedra) sempre tirou para Lérez.

- Debeu ser por meu pai -dinos-, que era de Lérez, que varios irmáns temos a Lérez como

algo noso. Bautizáronme en Lérez, aínda que non consta nos libros. Como nacín co labio roto, meus pais tiveron présa de bautizarme e faláronllo a D. Leandro -a quen admiro en certos aspectos- e este bautizoume, pero esqueceulle de me anotar no correspondente libro. Así que, non figuro como "cristiano" nos libros eclesiásticos.

De neno, ademais de axudar nos traballos de campo e de levar as vacas a pastar á Xunqueira da Gándara, xogaba cos amigos ás bólas, á buxaina, co aro..., pero o que máis lle gustaba era xogar á pelota.

- Como eran tempos de miseria, as pelotas case sempre eran de trapo. Un día Gelucho Quinteiro, que xogaba con moito dominio, trouxo unha pelota tan ben feita que quedamos todos abraizados. Moitas veces xogabamos descalzos. Eu tiña as dedas todas esnafradas dos cotelóns que daba contra as pedras.

Pechecho lémbrese dos meses que lle aprenderon a ler, a escribir e as contas: D. José Ferro da escola do Pasarón e D. Juan da academia "La Luz" do Burgo. Despois foi ás clases nocturnas: á "Escuela Católica" que había na rúa da Ponte, e á "Escuela Obrera" de Santa Clara.

- O que menos me gustaba era ler en voz alta e o que máis me custou foi aprender a dividir por varias cifras. Era unha cousa complicadísima!

Na adolescencia, Pechecho converteuse nun experto na pesca de anguías, muxes e sollas. Adoitaba pescar en compañía do pai, gran afeccionado, na Xunqueira do Alba, que coñecía á perfección por estar próxima ó domicilio. Cando collían bos exemplares celebrábanos polo alto.

- Unha vez pesquei unha anguía e, cando a levaba na man, púxoseme outra a punto. Para collela precisaba as dúas mans e non se me ocorreu mellor cousa ca suxeitar a primeira cos dentes. Daquela, que non se cepillaba a boca coma agora, todo me soubo a anguía crúa durante varias horas. As sollas colliámolas na ponte das Correntes. Viñan os mariñeiros e poñían os aparellos. Despois de levantalos, quedaban sollas no lodo. Meu pai que estaba atento á faena, avisábanos e viñamos correndo para pillalas facilmente.

Ós 15 anos comeza de aprendiz de xastre nun taller que había na Seca. Despois traballou con Arturo Martínez, na rúa Michelena, e con outros xastres. En 1956 puxo a súa propia xastrería no Burgo, onde confeccionou traxes para orquestras -entre elas a Florida e a Poceiro- e para xente diversa: médicos, avogados, xogadores de fútbol, amigos... veciños de Pontevedra, parroquias limítrofes e, incluso, de Vigo

- Fíxenme xastre de casualidade, por consello de meu irmán Julio. Antes de instalarme no Burgo, traballei na casa para a xastrería Vázquez de Pontevedra.

Pechecho garda un grato recordo da xastrería, onde mantivo, ata non hai moito, unha tertulia de amigos os sábados a media mañá. No taller non só cortou, coseu, probou e gañou a vida ata comezo dos anos 90 do século pasado, senón que foi centro de reunión de amigos, sede temporal do Deportivo Lérez e lugar íntimo que compartía cos "ligues de turno".

De mozo, andaba impecable, co seu traxe, camisa branca e gravata. Divertíase indo ó cine, ó Coliseum, ó Malvar, ó Victoria e, sobre todo, ó Principal, porque nesta sala podíanse ver as mesmas películas unha semana máis tarde por un prezo máis económico.

- Daquela non había cine pornográfico, nin tan sequera, erótico. De cando era novo, só lembro unha escena que me fixo mover a imaxinación e estremecer o corpo.

Pero o que máis lle gustaba a Pechecho era o baile. De feito foi un gran bailarín nos seus tempos mozos.

- Aprendín a bailar cunha moza de Verducido no baile de Mollabao, antes de ser da Cultural de Salcedo. Fun a todos os bailes de Pontevedra e arredores, pero recordo gratamente os do Pino, Chosco e Artesanos. Do Teucro fun directivo e propuxen a eliminación de levar gravata para acceder. Era unha comedia. Desde os balcóns, uns mozos botábanlles as gravatas a outros que non as tiñan para que puidesen pasar. Resultaba ridículo manter aquela norma.

As súas afeccións son varias. Aínda hoxe lle gusta xogar ás cartas e tomar café despois de xantar. Sempre lle agradou estar cos amigos, que eran moitos, e a diversión en xeral. Para "necesidades especiais" acudía a Vigo, utilizando o Castromil e o ferrobús, ata que comprou o seu primeiro coche a mediados dos anos setenta.

Aínda que se esforza en afirmar que de mozo "non vendía unha escoba", o certo é que Pechecho tivo varios amores. Os máis intensos foron unha noiva de Porráns e unha colombiana que coñeceu en Pontevedra cando xa pasaba das sesenta primaveras.

- A paixón por esta muller levoume a marchar a Bogotá en busca dela. Fun por un mes, pero, ó cabo duns días, decateime de que non era posible atopala e volvíñ á terra, confeso que moi desgustado.

Era moi neno cando se produciu o levantamento militar en 1936, pero recorda o medo que pasaban cando se oían os fusilamentos no Vao ou en Monteporreiro.

- Tiñamos medo porque sabíamos que aquelas descargas significaban a morte de xente inocente.




Pechecho na súa xastrería

Tamén recordo o pesar da familia cando estaba o irmán Juan na guerra e a alegría que levamos todos cando volveu.

De xogar á pelota sendo neno, Pechecho pasou a formar parte de certos combinados que se organizaban ocasionalmente para disputar partidos amigables con motivo de calquera celebración. Casados contra solteiros, A Santiña contra o Burgo, etc. Pero a súa maior implicación no fútbol radica nos case trinta anos que dedicou ó Deportivo Lérez, boa parte deles, como presidente. Comezou a colaborar co finado irmán Ramiro ata que, a comezos de 1970, faise cargo do club. A súa entrega ó Lérez foi total, constante e desinteresada, traballando continuamente polo ben do equipo e dos xogadores, nun tempo cheo de dificultades no que, en ocasións, os gastos eran sufragados por el mesmo.



Pechecho e un grupo de amigos no campo da Xunqueira do Covo



Benigno e Pechecho

- Cando estiven no Lérez facíamos traballo en equipo. Cada un facía máis do que podía, pero os traballos eran moitos. Había que concretar a hora do partido (aínda que non pareza, non é una cousa menor), ter o campo ben preparado, encargar o lavado das camisetas e pantalóns, levar os xogadores ó campo e traelos... Todo sen axuda da Federación. Quero citar expresamente a Monchiño Costado, que arraxaba botas e balóns, e a toda a xente que lavaba a roupa e a outros moitos que lamento non lembrar neste momento.

Na etapa de Raimundo, o Deportivo Lérez tivo equipos benxamíns, infantís, cadetes, xuvenís e modestos. Dos tres primeiros houbo equipos nas categorías local e provincial, quedando sempre ben clasificados, incluso nunha ocasión foron subcampións de liga. Os modestos militaban en 2ª e 3ª rexional, sendo campións de liga e copa na tempada 1971-72 Ademais xogábanse partidos amigables.

Un dato de notable interese foi a construción do campo de fútbol en Valado, para o que Pechecho conseguiu os terreos, tramitou os permisos e licencias necesarias,

xestionou axudas económicas, mobilizou e ilusionou amigos e veciños. A explicación dos terreos a construción das casetas, o cerramento do campo e outros traballos realizáronse despois, pero el, sen ser presidente, estivo nas directivas seguintes (aproximadamente ata 1996) e multiplicábase para que todo saíse ben, aínda que recalca a importancia da axuda de moita xente.

- Tamén neste asunto houbo moita colaboración. Non podo esquecer a axuda de D. Herminio, o traballo dos irmáns Barrio (Verino e Modesto), de Luis o Nuncio, do Xirico (qepd), de Tiño "Peliños", de Carlos "Campanal", de Agustín García... Incluso meu irmán Manolo (qepd) puxo maquinaria e traballo.

Baixo a presidencia de Pechecho, en 1971, o Deportivo Lerez organizou unha excursión a Santiago para gañar o xubileo. Saímos de Lerez en autocar xogadores, directivos e os socios que o desexaron. Na catedral, por encargo do crego D. Herminio, lin a ofrenda ó Apóstolo. Nunca me vira en tal fregado! Non coñecín o texto da ofrenda ata uns minutos antes de facela nin sabía como me poñer naquela inmensa catedral. O regreso a Lérez fíxose por Boiro, onde se xogou un partido cun equipo desa localidade.

O labor levado a cabo por Pechecho no Lérez, ó longo de tantos anos, viuse compensado por certas homenaxes e recoñecementos. En 1989 o Deportivo Lérez concédelle a *medalla de ouro con brillantes* que se lle entrega no decorrer dunha homenaxe multitudinaria celebrada nun restaurante de Marín. No ano 2000 realízase en Pontevedra un

torneo de fútbol-7 no que participan anualmente máis dunha vintena de equipos, e leva o nome de "Raimundo Piñeiro. Pechecho". No ano 2002, o IMD (Instituto Municipal de Deportes), que organiza a *gala do deporte pontevedrés*, premia a Pechecho pola súa traectoria no fútbol. Catro anos despois foi homenaxeado separadamente polas entidades *Amigos de Pontevedra* e *Amigos de Lérez*. Tamén foi nomeado presidente de honra do club que antes presidira e o Campo de Valado, leva o seu nome. Pero, se cadra, o máis bonito, grato e satisfactorio para Pechecho é comprobar como os xogadores daquela época se dirixen a el pola rúa e o saúdan con afecto. Con todo, el trata de minimizar esa relevancia.

- Ás homenaxes non hai que darlle moita importancia, porque, ás veces, vale máis caer en graza ca ser gracioso.

Pechecho, home de bo carácter, honrado e humanitario, sempre foi moi despistado e esquecedizo. - *Un despistado de carallo*, di el.

Nunha ocasión perdeu as chaves do coche, levárono á casa a buscar as de reserva e volveu perdelas antes de abril. Polo demais, é de bo carácter, foi un traballador sen desmaio, un cumpridor dos seus compromisos. Por iso, polo seu carácter humanitario e por ser amigo dos seus amigos, é querido e respectado polos demais. Actualmente xubilado, atópase moi feliz na súa casa de Cuntixe, na parroquia de Verducido (Pontevedra), coas súas viñas, as súas galiñas, a súas abellas... Dada a súa xenerosidade, calquera persoa que pase por alí, é invitada a un viño da súa colleita. Disto non se despista nunca.